

PROGRAMA FIDES-AUDIT

Constitución das Comisións de Avaliación

Requisitos para a selección de avaliadores/as

A selección dos membros das Comisións de Avaliación do deseño dos Sistemas de Garantía Interna de Calidade (SGIC), no marco do programa FIDES- AUDIT, realizarase en función dos seguintes requisitos para cada perfil de membro avaliador/a:

1. Persoal académico:

- Ha de ser un membro do persoal docente e investigador de universidade e contar con recoñecido prestixio como profesor/a doutor/a. Preferentemente ha de ter un mínimo de tres quinquenios e dous sexenios.
- É recomendable que tivera ocupado algún cargo de responsabilidade dentro dos órganos de goberno da universidade e que coñeza a xestión universitaria.
- Debe contar con experiencia en programas de avaliación da calidade de titulacións, institucións ou profesorado, ou ben en sistemas de xestión de calidade.
- Debe ser externo ao sistema universitario que se está avaliando.
- No caso de ser expertos do contexto internacional, valorarase o seu coñecemento do sistema universitario español así como a súa competencia lingüística e facilidade de comunicación co resto de membros da comisión.
- No caso que unha mesma comisión conte coa presenza de máis dun académico, estes han de ser de diferentes áreas de coñecemento.

2. Persoal non académico:

- Profesional con experiencia no campo de sistemas de xestión de calidade, preferiblemente con coñecemento do sistema universitario.
- Preferentemente ha de pertencer á comunidade autónoma na que se sitúen as universidades obxecto de avaliación.

3. Estudantes

- Preferentemente con experiencia en deseño de Sistemas de Garantía Interna da Calidade ou outros procesos de avaliación na universidade.
- Preferentemente representantes de asociacións de estudantes legalmente establecidas.
- Preferentemente con experiencia en participación en órganos de goberno da universidade.

4. Técnico de axencia ou de unidade técnica de calidade de universidade:

- Preferentemente con experiencia en programas de avaliación de calidade institucional ou de programas de formación, ou ben con experiencia no campo de sistemas de xestión da calidade.

Ademais dos perfís citados, teranse en conta os seguintes criterios adicionais para a constitución das comisións:

- **Representación territorial:** as comisións estarán compostas por membros pertencentes a comunidades autónomas diferentes á da universidade avaliada, excepto no caso do persoal non académico e do técnico de axencia, que poderán ser da comunidade autónoma na que se encontra a universidade.
- **Representación institucional:** procurarase que os membros académicos procedan de diferentes universidades.
- **Criterio de sexo:** procurarase que exista un equilibrio entre homes e mulleres na composición das comisións de avaliación.

O proceso de selección de avaliadores/as e constitución das Comisións de Avaliación

A selección e o nomeamento dos membros das comisións realizarase internamente por cada unha das axencias participantes, seguindo os criterios internos que rexan os procesos de selección en cada unha das axencias e tendo en conta os criterios de independencia, obxectividade e ausencia de conflitos de intereses. A constitución das comisións será ratificada pola dirección das tres axencias participantes.

Seguindo o criterio de transparencia, faranse públicos a constitución das comisións e un breve resumo dos currículo dos seus membros.

As Comisións de Avaliación estarán constituídas por 5 membros, que desempeñarán as seguintes funcións:

- **Presidente/a:** membro con perfil académico que preside e dirixe o proceso de avaliación dos SGIC. Como criterio xeral, a presidencia da comisión corresponde a un académico/a, preferentemente catedrático/a cun mínimo de tres quinquenios e dous sexenios.
- **Vogais:** membros con perfil académico (2 ó 1) ou non académico (1 ó 2).
- **Estudantes:** os estudantes selecciónanse a partir de propostas de organizacións de estudantes constituídas legalmente, das bases de datos da ACSUG ou de propostas realizadas polos Vicerreitorados de estudantes das universidades galegas, previa solicitude de candidatos por parte da ACSUG.
- **Secretario/a:** técnico de axencia de avaliación ou de unidade técnica de calidade de universidade, con voz pero sen voto na comisión, cuxa función principal é a de apoiar tecnicamente á comisión, manter os contactos pertinentes coas universidades e redactar o Informe de avaliación, baixo a supervisión do presidente/a e baseándose no protocolo de avaliación do deseño dos SGIC.

Cada unha das axencias participantes constituirá tantas Comisións de Avaliación como estime oportuno, en función dos SGIC que deba avaliar en cada unha das convocatorias.

Todos os membros das Comisións de Avaliación deberán firmar un compromiso de confidencialidade e actuar segundo establecen os códigos éticos das axencias implicadas.